

Le atentamente o texto e responde as seguintes preguntas.

Se hai varias opcións, marca cunha cruz só unha resposta, a que che pareza máis adecuada.

Xoguetes con moita vida


RECOLLIDA DE XOGUETES

Do 15 de novembro ao 15 de decembro
na Praza Maior

Dálles outra vida aos teus xoguetes.
Se ti non xogas, outros poden facelo.

Xoguetes que axudan:

- Novos ou en bo estado
- Limpos e que funcionen
- Con todas as pezas
- Non bélicos, non sexistas



1 Que tipo de texto cres que é o anterior?

- Un tríptico para aconsellarnos como tratar e coidar os xoguetes.
- A páxina dun libro.
- Un folleto de propaganda dunha empresa de xoguetes.
- Un folleto informativo sobre unha campaña de recollida de xoguetes.

2 Cal é o lema desta campaña?

.....

3 Onde se recollen os xoguetes?

- Nun colector de reciclaxe. Na rúa.
- Nunha tenda de xoguetes. Nun supermercado.

Nome: Data: Curso:

4 Que catro condicións deben cumprir os xoguetes entregados?

.....

.....

.....

.....

5 Le as seguintes frases e di se se trata de informacións ou propostas.

- a) Dálles outra vida aos teus xoguetes. ▶
- b) Desde o 15 de novembro. ▶
- c) Novos ou en bo estado. ▶
- d) Na Praza Maior. ▶

6 Que cres que significa a expresión *Xoguetes con moita vida*?

- Que poden reciclarse para fabricar outros obxectos.
- Que volverán vivir en mans doutros nenos.
- Que se os conservas ben, durarán máis.
- Que os xoguetes de boa calidade son moi duradeiros.

7 Subliña a acepción do verbo *recoller* que está presente no folleto.

recoller [v.] **1** Coller [algo que está caído]. **2** Volver coller ou xuntar [cousas que están espalladas ou expostas]. **3** Envolver ou enrolar [algo que estaba estendido]. **4** Facer a colleita. **5** Proporcionar a [unha persoa] un lugar onde albergarse.

8 Inventa outro lema para promover esta campaña.

.....

9 Escribe un texto breve no que expliques a un amigo por que cres que debe colaborar nesta campaña.

.....

.....

.....

.....

.....